

Chovía en alta definición. Quinto día de auga, sen apenas descenso, e todo apuntaba a que o ceo ía seguir vomitando frío. Emma sempre se sentira como unha persoa de inverno, de auga e de Lúa, por esa orde. A chuva non afectaba o seu estado de ánimo, mais consideraba que, por imperativo legal, os grandes cambios debían ir acompañados dun punto de luz ao que aferrarse. Mirou cara ao ceo a través do parabrisas, na procura da materialización dese coma o amor. Cris ata as entrañas. «A chuva é tan anárquica e estrada atravesaba un monte mesto e fermoso coma as cousas incorruptas. A un lado e outro, as árbores semellaban criaturas esdrúxulas e desproporcionadas. Sacudían as súas extremidades con torpeza polo impulso do vento. O movemento dilacorado das polas fixa viaxar a un episodio da infancia. Lembrou aquel espantallo que ela e mais a súa irmá Mariña fabricaran con pezas de roupa de cando a súa nai era nova. Para un verán especialmente caloroso,

SCÓRPIO

RICARDO
CARVALHO
CALERO

ATRÁVÉS
editora

Ricardo Carballo Calero



17
MAIO

Día das Letras Galegas

2020



XUNTA
DE GALICIA

RICARDO CARBALLO CALERO

legos

RICARDO
CARVALHO
CALERO

Letras Galegas 2020



RICARDO
CARVALHO
CALERO

LETRAS GALEGAS 2020

INTRODUCCIÓN

O día 17 de maio é para os cidadáns e cidadás galegos o Día das Letras Galegas desde que, en 1963, a Real Academia Galega (RAG) decidiu dedicarlle esta data a un autor ou autora que destacase na defensa e promoción da lingua e cultura de noso.

Este 2020, a RAG tomou o acordo de honrar nesta celebración a Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910 – Santiago de Compostela, 1990), de quen a douta institución salienta o seu compromiso galeguista, que o levou mesmo a sufrir cárcere tras a guerra civil; a súa faceta de creador literario nos eidos da poesía, da narrativa e do teatro; o seu labor no campo da historia literaria galega, do que pode considerarse fundador coa monumental *Historia da literatura galega contemporánea* (1963); o feito de ser o primeiro profesor e catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega e a influencia, nos últimos anos da súa vida, das súas ideas sobre a lingua propia de Galicia.

A traxectoria de Ricardo Carvalho Calero pode rastrexarse nas numerosas institucións e entidades vinculadas á lingua e á cultura galegas das que formou parte ou que recoñeceron o seu labor. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, do Partido Galeguista, da Real Academia Galega e da Academia de Ciéncias de Lisboa, ademais de membro de honra da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e da Associação Galega da Língua (AGAL); dirixiu o colexio Fingoi; participou activamente nas actividades do Grupo Galaxia; foi recoñecido coa Medalla Castelao da Xunta de Galicia (1984) e declarado Fillo Predilecto de Ferrol (1990).

Súmase agora o Día das Letras Galegas a estes recoñecementos. A Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Cultura e Turismo e de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social e mais da Escola Galega de Administración Pública; en colaboración coa Real Academia Galega, co Consello da Cultura Galega; coa Corporación Radio e Televisión de Galicia; coa Associação Galega da Língua (AGAL); coa Fundación Penzol; coa Academia Galega da Língua Portuguesa; cos concellos de Ferrol e de Santiago de Compostela; coas editoriais Galaxia, Ir Indo, Através Editora, Demo Editorial e Versátil Servizos Editoriais e coas empresas Renfe Viajeros, Gadis, Xurdir S.L., Vegalsa-Eroski e Feiraco queren poñer en valor o legado de Ricardo Carvalho Calero mediante unha programación conxunta de iniciativas destinadas a dar a coñecer a súa vida, obra e pensamento por todo o territorio de Galicia, co fin de que o conxunto da sociedade galega se sume á celebración do Día das Letras Galegas.



RICARDO CARVALHO CALERO NA QUINTANA (SANTIAGO DE COMPOSTELA), 1985
© MONCHO RAMA

PROXECTOS EXPOSITIVOS

A VOZ PRESENTE

Exposición promovida pola Xunta de Galicia en colaboración coa AGAL que percorrerá once concellos galegos e un portugués, en colaboración co Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, para difundir a dimensión artística, humana e lingüística de Ricardo Carvalho Calero e poñer en valor e resituación a súa figura e o seu legado.

Terá itinerancias, desde marzo a decembro, en Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, A Coruña, Ribadavia, Mondoñedo, Amoeiro (Fundación Ramón Otero Pedrayo), Celanova (Casa dos Poetas-Fundación Curros Enríquez), Vigo (Museo do Mar de Galicia) e Viana do Castelo (Portugal).

Adianto de itinerancias:

Concello de Ferrol. Centro Cultural Torrente Ballester

Do 17 Maio ao 31 de Xullo

Concello de Compostela. Auditorio de Galicia

Do 19 Outubro a 20 decembro

Concello de Viana do Castelo. Museu do Traje

Datas por concretar

DON RICARDO DE FINGOI

Carballo Calero en Lugo

Exposición creada polo Colectivo Egeria co patrocinio da Xunta de Galicia e mais a colaboración do Colexio Fingoi e da Real Academia Galega. A mostra está dedicada aos anos (1950-1965) que Calero pasou en Lugo dedicado á docencia no citado centro educativo.

Consta de trece paneis que percorren a relación do autor das Letras Galegas 2020 coa cidade da Muralla, acompañados de sinaladores de lectura e dun folleto que recolle os mesmos contidos dos paneis. Estes poden verse tamén en Internet e está previsto publicalos en formato libro.

A mostra iniciou o seu percorrido en Lugo -primeiro no Colexio Fingoi e despois na Delegación da Xunta de Galicia-, continuou en dous espazos significativos de Santiago de Compostela na vida de Carvalho Calero -IES Rosalía de Castro e Facultade de Filosofía, anteriormente Filoloxía- e continuará en Sarria, despois na cidade natal de don Ricardo, onde a acollerá o Ateneo Ferrolán, A Coruña e outras poboacións galegas.

www.carballocaleroenlugo.org

EXPOSICIÓNS DO COLEXIO FINGOI

O Colexio Fingoi mostrará libros e material persoal (cartas, cadernos, apuntamentos...) de Ricardo Carvalho Calero, quen foi entre 1950 e 1965 profesor e conselleiro delegado do dito centro educativo.

Por outra banda, en colaboración coa editorial Ir Indo, ofrecerá tamén unha exposición fotobiográfica.

IMAXE DE CEN ANOS

O Concello de Ferrol mostrará ata o día 31 de maio, no Centro Cultural Torrente Ballester da Cidade Departamental, a exposición biobibliográfica *Imaxe de cen anos*, que consta de 24 paneis explicativos, máis de trinta primeiras edicións de publicacións de Ricardo Carvalho Calero, unha proxección audiovisual que inclúe entrevistas ao homenaxeado e unha serie de obxectos persoais cedidos pola súa familia, tales como placas de recoñecemento, as medallas da Real Academia Galega e de cátedra, reloxos de pulso e de peto ou o seu bastón.

UN AUTOR E UNHA IMAXE IRREPETIBLES

O Concello de Santiago de Compostela organiza a exposición *Ricardo Carvalho Calero: un autor e unha imaxe irrepetibles. Na súa propia voz*. Poderá verse do 19 de outubro ao 20 de novembro na Sala Isaac Díaz Pardo do Auditorio de Galicia.

MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS EN BIBLIOTECAS PÚBLICAS

Durante os meses de maio e xuño, a Biblioteca de Galicia expoñerá unha mostra de todos os materiais bibliográficos e documentais de que dispón da autoría de Carvalho Calero, así como de todos os estudos e publicacións que se realizaron sobre a vida e a obra deste autor.

O mesmo farán en maio a Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés e a Biblioteca Pública de Santiago de Compostela Ánxel Casal. Ademais, esta última entidade e mais a Biblioteca Pública Juan Compañel de Vigo exhibirán nas súas salas infantís os libros dedicados aos lectores máis novos relacionados cos autores aos que se lles dedicaron desde 1963 as Letras Galegas.

Na Biblioteca Juan Compañel poderá verse tamén a exposición biobibliográfica *Carvalho Calero, pretérito (im)perfecto: traxectoria e obra*, que se centra en dar a coñecer a obra poética e dramática do autor homenaxeado.

CIENCIA EN GALEGO

A partir de finais do mes de abril a Universidade de Vigo levará polas súas diversas facultades a exposición *En galego! Investigación e divulgación científica*.

MOSTRA DE ARTE DAS LETRAS GALEGAS

Exposición na Escola Galega de Administración Pública de pinturas, esculturas, fotografías, gravados, colaxes, debuxos, cerámica, tapices, vídeos, maquetas ou origami creados por persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia.

INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL

Fondos bibliográficos

CARVALHO CALERO NO PARLAMENTO

A Cámara galega súmase ao tributo a Ricardo Carvalho Calero e pon a disposición da cidadanía, nomeadamente estudantado e persoal investigador, a biblioteca e o arquivo persoal do autor, que custodia desde 1997. A biblioteca, catalogada en 2012 e integrada por 4.872 volumes e 197 títulos de revistas, a meirande parte delas relacionadas coa literatura, a lingüística, a historia e a filosofía, contén unha completa colección de obras de autores galegos con gran cantidade de primeiras edicións, coleccións completas e exemplares de edicións esgotadas entre as que destacan primeiras obras da autoría da Xeración do 27. O arquivo persoal está composto por preto de 3.500 fichas catalográficas, manuscritos e unhas 4.000 cartas que dan conta da relación epistolar de Carvalho Calero con outros persoeiros como Fernández del Riego, Montero Díaz, Parga Pondal, Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Tomás Barros, Álvarez Blázquez, Rodrigues Lapa ou Martínez Risco.

De máis a máis, o Parlamento de Galicia promoverá ao longo do ano a reedición de obras e outras actividades conmemorativas que redunden na difusión social da figura, vida e obra do autor homenaxeado neste 17 de maio.

FUNDACIÓN PENZOL

A Fundación Penzol dá a coñecer os fondos da obra e sobre a obra de Ricardo Carvalho Calero de que dispón na Biblioteca e no Arquivo Penzol e mais na Biblioteca e no Arquivo Fernández del Riego.

Iniciativas empresariais

RENFE VIAJEROS

Durante un mes, 11 trens de alta velocidade dos corredores A Coruña-Vigo e A Coruña-Ourense levarán nos repousacabezas a imaxe institucional do Día das Letras Galegas e nas estacións de tren das cidades da Comunidade Autónoma de Galicia expoñeranse os carteis gañadores do Concurso-exposición das Letras Galegas

organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Estes carteis tamén se poderán ver, en tamaño reducido, no interior dalgúns vagóns.

A presentación da iniciativa realizarase nunha estación galega e incluírá a distribución de exemplares de obras literarias en galego entre os pasaxeiros e pasaxeiras.

É o cuarto ano que a Secretaría Xeral de Política Lingüística, Renfe Viajeros e ADIF poñen en marcha esta campaña que busca incrementar a visibilidade da celebración das Letras Galegas e do autor homenaxeado.

GADISA

A véspera do Día das Letras Galegas, nos supermercados Gadis de Galicia, repartiránelles de balde aos clientes 30 000 libros sobre o autor homenaxeado acompañados de cadanseu marcapáxinas cunha cita de Ricardo Carvalho Calero. Tamén se distribuirán bolsas de papel conmemorativas do 17 de maio de 2020.

VEGALSA-EROSKI

A cadea galega de distribución alimentaria Vegalsa-Eroski e a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolven un ano máis a campaña Letras Galegas Vegalsa-Eroski para promover a celebración do 17 de maio nos seus establecementos comerciais a través de carteis e bolsas da compra conmemorativas producidas por primeira vez en papel.

FEIRACO LÁCTEOS

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e Feiraco Lácteos S.L. volven colaborar para festexar as Letras Galegas co IX Certame de Relatos Breves Feiraco Letras Galegas 2020, así como cunha promoción en liña con agasallos para os consumidores

Imaxe icónica

AGAL, coa colaboración da Consellería de Cultura e Turismo, deseñou unha imaxe icónica e orixinal para a celebración do Ano Carvalho Calero 2020, que empregará en todas as súas actividades e poñerá a disposición de centros educativos e outras entidades que desexen sumarse á homenaxe ao autor ferrolán.



Eventos deportivos

VII CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

Carreira popular que o 17 de maio percorre o treito do Camiño de Santiago que une o Pico Sacro coa Cidade da Cultura de Galicia, onde haberá tamén probas específicas para nenos a partir de 4 anos e un percorrido de 5 quilómetros para os adultos que desexen optar por esta modalidade. Ao remate das probas os participantes recibirán un libro e un diploma cunha cita de Ricardo Carvalho Calero.

A Consellería de Cultura e Turismo colabora un ano máis con esta iniciativa de Xurdir S.L. que vencella a celebración das Letras Galegas co Camiño de Santiago e co Deporte.

Certames

PREMIO RICARDO CARVALHO CALERO

A AGAL convoca o premio Ricardo Carvalho Calero, en que os e as participantes terán que redactar un novo capítulo de *Scórpio* seguindo o modelo de novela do autor. O premio terá dúas categorías: ensino secundario e persoas adultas.

X CONCURSO DE CARTEIS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal convoca un concurso de carteis dirixido a rapaces e rapazas de 3 a 13 anos cuxas bases poderán consultarse a partir do 23 de abril, Día do Libro, no web da biblioteca, no seu Facebook e nas súas instalacións. Os traballos depositaranse do 23 de abril ao 13 de maio na caixa de correos habilitada no mostrador da sala infantil da biblioteca e o venres 15 de maio realizarase a entrega de premios. Outorgaranse 3 galardóns consistentes en lotes de libros e diploma e tres accésits que recibirán un diploma cada un.

CERTAMES UNIVERSITARIOS

A Universidade da Coruña ten previsto celebrar un certame literario nas modalidades de poesía e de narrativa con motivo do Día das Letras Galegas.

Na semana do 17 de maio, a Universidade de Vigo celebrará o acto de entrega de premios do seu certame de poesía, relato breve e tradución literaria.

PREMIOS CARVALHO CALERO DO CONCELLO DE FERROL

Nova edición dos Premios Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria.

LINGUA DE RAPEAR

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocará un concurso de rap en galego destinado á dinamización lingüística entre a xente moza.

CONCURSO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

A Escola Galega de Administración Pública organiza un certame literario destinado a incentivar a creatividade dos máis novos a través da lingua galega. Rapaces e rapazas de 9 a 11 anos poderán participar presentando contos de temática libre. O prazo de presentación irá do 22 de xaneiro ao 21 de febreiro de 2020 e os premios entregaranse na semana do 11 ao 15 de maio, no marco dun acto conmemorativo do Día das Letras Galegas que incluírá tamén unha interpretación musical e unha conferencia sobre Ricardo Carvalho Calero.

Actividades de lectura

LECTURA PARTICIPATIVA DA OBRA DE CARVALHO CALERO

Ao longo do día 17 de maio, a Fundación Cidade da Cultura convidará as persoas que se acheguen ao Museo Centro Gaiás a participar na lectura dunha escolma de textos destacados de Ricardo Carvalho Calero, co fin de achegarlle a súa creación a todas as persoas interesadas. Estas lecturas serán gravadas en vídeo para ter un recordo audiovisual a modo de biblioteca que estará dispoñible nas redes da Cidade da Cultura de Galicia.

LECTURA CONTINUADA DO SCÓRPIO DE CARVALHO CALERO

A AGAL -coa colaboración da Consellería de Cultura e Turismo, a Universidade e o Concello de Santiago de Compostela- organiza unha lectura continuada da novela *Scórpido* que se celebrará no Salón Nobre do Pazo de Fonseca o día 16 de maio entre as 10:00 e as 24:00 horas. 350 lectores galegos e de países lusófonos previamente inscritos a través de <https://carvalho2020.gal/inscricom-para-a-leitura-continuada> homenaxearán deste xeito o autor das Letras Galegas 2020. A actividade estará complementada con pequenos espectáculos teatrais, proxeccións de vídeos etc. e será divulgada en *streaming* para todo o mundo.

<https://carvalho2020.gal/inscricom-para-a-leitura-continuada>

CLUBS DE LECTURA

A biblioteca José Saramago do Concello de Santiago, na que están incluídas as aulas de lectura dos centros socioculturais de Fontiñas, Santa Marta, Vite, Conxo e O

Castiñeiriño, dedícalle o mes á figura de Ricardo Carvalho Calero, cun programa específico por centro que inclúe encontros dos clubs de lectura con algún membro do novo proxecto Estudos Galegos para falar do autor.

PASAPORTE DE LIBROS

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola proponse ao público xuvenil e adulto ler catro libros en lingua galega das seccións de novela, poesía, teatro, xuvenil ou banda deseñada, entre os que se encontrará algunha obra de Ricardo Carvalho Calero. Por cada libro que se lea, o persoal da biblioteca porá un selo nun pasaporte.

Entre os participantes sortearanse tres lotes de libros.

Viaxe cultural

VIAXE CULTURAL DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A Escola Galega de Administración Pública organiza unha excursión cultural para o persoal empregado público polos escenarios onde transcorreu boa parte da vida de Ricardo Carvalho Calero.

Roteiros

Os concellos de Ferrol e de Santiago de Compostela organizan roteiros polos lugares relevantes na vida de Ricardo Carvalho Calero en cada unha das cidades mencionadas.

O mesmo fai o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nas cidades de Ferrol, onde exercerá de guía Martinho Montero Santalla; Lugo, da man de Bernardo Penabade, e Santiago de Compostela. O destinatario dos roteiros do CAFI é o profesorado galego, que pode inscribirse en <https://www.edu.xunta.es/fprofe/>

Tamén o Equipo de Dinamización da Lingua Galega da Escola de Idiomas de Lugo programa para o seu alumnado e profesorado e mais para a cidadanía en xeral os roteiros *O Lugo de Carvalho Calero* e *Ferrol con Carvalho Calero*. O primeiro percorrido, organizado en colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

(ADEGA) e guiado por Adela Figueroa, sairá do xardín de San Roque o 9 de febreiro ás 10:00 horas e percorrerá as rúas da Cidade das Murallas con paradas nas diferentes vivendas que ocupou o autor, no Colexio Fingoi, na beira do Miño e na Praza de Ferrol. Hai que inscribirse previamente en edl.eoilu@gmail.com ata o 5 de febreiro ás 22:00 horas. En canto ao roteiro por Ferrol, que se desenvolve coa colaboración da Cooperativa Rexenerando, levarase a cabo o 28 de marzo entre as 10:00 e as 17:00 horas e percorrerá 80 anos de historia da Cidade Departamental, visibilizando a súa cerna galeguista, así como o compromiso coa lingua e a cultura galegas de Carvalho Calero. O prazo de inscrición abrírase 15 días antes na conserxaría da Escola Oficial de Idiomas de Lugo e no enderezo electrónico edl.eoilu@gmail.com.

Teatro e narración oral

TEATRO DOS VIEIROS

O programa de dinamización da lingua galega da Secretaría Xeral de Política Lingüística FalaRedes presenta esta proposta destinada ao público familiar que poderá verse en 14 concellos da Rede de Dinamización Lingüística.

Xoán Curiel e Charo Pita encarnarán dous empregados dun teatro que, ante a ausencia inesperada dos actores, se verán obrigados a subir ao escenario, desde onde lles contarán aos nenos e nenas narracións recollidas por Carvalho Calero nos seus *Contos populares da provincia de Lugo* que alternarán con divertidas cancións. O título da actividade fai referencia á primeira obra en galego do autor homenaxeado, o poemario *Vieiros*, publicada pola Editorial Nós en 1931.

AS PITAS BAIXO A CHOIVA

Para o 23 de maio, a Biblioteca de Galicia programa no Auditorio Neira Vilas unha peza de teatro cómico en que a compañía Teatro dos Ghazafellos adapta o conto de Ricardo Carvalho Calero “As pitas baixo a choiva”.

Cómpre inscrición previa no web www.cidadedacultura.gal

O Concello de Ferrol programa o mesmo título no Teatro Jofre o día 23 de febreiro.

Tamén a Biblioteca Pública de Lugo escolle esta historia chea de empatía, sensibilidade e fino humor para celebrar a Ricardo Carvalho Calero. En Lugo será a

contadora Soledad Felloza quen llela achegará aos nenos e nenas o día 15 de abril ás 18:00 horas na sala multiúsos.

A Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal ten programado para o sábado 16 de maio ás 12:00 horas un contacontos a cargo de Ángeles Goás.

CÓMICA DE LINGUA. PRESUMINDO DE LINGUA PROPIA

A Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés programa este espectáculo con poesía e pandeireta a cargo de Raquel Queizás en que lles achegará a nenos e nenas de 4 a 12 anos a Farsa das zocas e *O redondel* de Ricardo Carvalho Calero. Será o 16 de maio, ás 12:00 horas, na ludoteca.

PITUSIÑA

Pitusiña é unha nena arrichada que fala e xoga en galego. Un día decide facer unha viaxe no tempo pola nosa historia e nela descobre personaxes moi interesantes, como Ricardo Carvalho Calero, que lle farán comprender o por que de moitas cousas.

A Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal convida os nenos e nenas de 3 a 8 anos a acompañar a Pitusiña na súa viaxe durante unha sesión de contacontos a cargo de Lisístrata que se celebrará o 23 de maio ás 12:00 horas.

Relatorios

RICARDO CARVALHO CALERO, COMPROMISO INTELECTUAL E LITERARIO

O 14 de maio, a Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés organiza esta conferencia a cargo do profesor e poeta Xesús Manuel Valcárcel, quen foi alumno de Ricardo Carvalho Calero. Durante o relatorio o conferenciante abordará, alén da súa lembranza persoal do homenaxeado co gallo das Letras Galegas de 2020, o marco histórico en que viviu e traballou, a súa xeración, a súa obra, as súas propostas lingüísticas e, en fin, a importancia da súa figura e da súa obra.

PREVER PARA PROVER

A Biblioteca Pública de Santiago Ángel Casal programa o relatorio do profesor da Universidade de Santiago Elías Torres *Prever para prover: a acción de Carvalho Calero sobre a literatura galega e um apêndice sobre a proposta reintegracionista*. Será no salón de actos o 19 de maio ás 19:30 horas.

CICLO DA ACADEMIA GALEGA DA LÍNGUA PORTUGUESA

A Academia Galega da Língua Portuguesa organiza en maio, na Casa da Lingua Comum de Santiago de Compostela e noutras entidades culturais de Galicia e de Portugal, un ciclo de conferencias sobre a vida e a obra do profesor Carvalho Calero.

Obradoiros

RICARDO CARVALHO CALERO: ENSINANTE, ESTUDOSO E INVESTIGADOR DA NOSA CULTURA

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola e a Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel achegarán os seus usuarios máis novos á figura de Ricardo Carvalho Calero a través dos contos e debuxos de Polo Correo do Vento. A actividade incluírá un obradoiro de debuxo en que se realizará unha caricatura do autor ferrolán.

UN ESPAZO, UN TEMPO, UN CREADOR

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo organiza e oferta para toda a cidadanía de Lugo o obradoiro Carvalho Calero, un espazo, un tempo, un creador, onde se fará un achegamento significativo á figura de Carvalho Calero e ao seu contexto. No obradoiro combinaranse partes expositivas con dinámicas de grupo e reflexionarase sobre a presenza do galego nas vidas de cadaquén e a activación na defensa da lingua.

Proxeccións

O 24 de abril, o Concello de Ferrol presentará no Teatro Jofre un documental audiovisual sobre a figura de Ricardo Carvalho Calero.

EDICIÓNS CONMEMORATIVAS

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO XL. ESTUDOS ARREDOR DE RICARDO C. CALERO

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dedicarlle o volume XL dos seus Cadernos Ramón Piñeiro ao autor das Letras Galegas 2020. A publicación recollerá ensaios de varios autores arredor da vida e da obra de Carvalho Calero.

CARTAS A RICARDO CARBALLO CALERO

Colección epistolar que dará ao prelo o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. A través das cartas que diversos intelectuais lle dirixiron ao autor homenaxeado o 17 de maio, é posible coñecer de preto a historia de acontecementos culturais en que Ricardo Carvalho Calero tivo participación directa ou indirecta e mais seguir a evolución do autor nas súas ideas sobre a lingua galega.

ATRAVÉS EDITORA E DEMO EDITORIAL

A editora Através publica este 2020 dúas obras de Ricardo Carvalho Calero: a súa novela *Scórpico* e *Pasado imperfecto, futuro condicional*, unha antoloxía de 10 artigos de reflexión lingüística coordinada por Diego Bernal e Xoán Lagares que, ademais dos textos do profesor ferrolán, contén pistas e exercicios destinados a guiar a lectura.

Da colaboración entre Através Editora e Demo Editorial xorde *Carvalho, coração de terra*, a vida de Ricardo Carvalho Calero en banda deseñada. A obra, da autoría de Xico Paradelo, Iván Suárez e Germán Ermida, está dirixida a adolescentes, mozos e adultos. A Academia Galega da Língua Portuguesa e A Arca de Noé Taberna Cultural teñen previsto organizar o 25 de abril en Vilar de Santos (Ourense) un acto de presentación do devandito traballo.

Estas dúas obras distribuiranse en Galicia e Portugal.

AS PITAS BAIXO A CHOIVA

Lucía Gómez Álvarez e a revista dixital Vinte adaptaron con pictogramas e debuxos o conto de Carvalho Calero *As pitas baixo a choiva*. Os pictogramas son signos claros e esquemáticos que serven para facilitarlles a comprensión a persoas con necesidades educativas especiais e afectacións da linguaxe.

A FARSA DAS ZOCAS E OUTROS FACSIMILES

O Consello da Cultura Galega publica na súa colección Letras Galegas a edición facsimilar *A farsa das zocas* acompañada dun estudo introdutorio de Carlos Caetano Vizcaíno Fernández.

Tamén a Universidade da Coruña editará unha edición facsimilar dunha obra de Ricardo Carvalho Calero.

EDITORIAL GALAXIA

Editorial Galaxia dará a lume dúas reedicións de obras ensaísticas: *A xeración Nós en Grial*, obra de Ricardo Carvalho Calero en edición de Dolores Vilavedra e de Patricia Arias Chachero, e *Sete ensaios sobre Rosalía*, que inclúe un traballo do autor homenaxeado coas Letras Galegas 2020. Ademais, unindo as conmemoracións do 17 de maio e do centenario da Xeración Nós, Galaxia publicará unha *Antoloxía Nós* a cargo de Patricia Arias Chachero.

O CARBALLO QUE FUN EN FERROL

O Club de Prensa de Ferrol convida nove relatores do mundo académico, familiar e político a narrar vida e obra de Ricardo Carvalho Calero en Ferrol en tres etapas moi sinaladas da súa vida. Os textos preséntanse apoiados nun amplo fondo documental e fotográfico.

A DERROTA DO SCÓRPIO, UN PASEO POR SANTIAGO

Edición do Concello de Santiago con fotografías inéditas de Moncho Rama.

RICARDO CARVALHO CALERO. UNHA VIDA POLA GALIZA E O GALEGO

A editorial Ir Indo publica na súa colección Biografías este estudo de Paulo Fernández Mirás sobre a vida do autor das Letras Galegas 2020.

CARVALHO CALERO FRONTE AO ESPELLO DA MEMORIA

Versátil Servizos Editoriais achégalle á mocidade as liñas fundamentais para coñecer a vida, obra e personalidade de don Ricardo da man de Alberto Ramos, autor da biografía Carvalho Calero fronte ao espello da memoria, que axudará a comprender a nosa realidade cultural.

PROPOSTAS NO ÁMBITO EDUCATIVO

CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2020

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca cada ano un concurso dirixido aos centros de ensino público non universitario que desexen elaborar unha exposición sobre a obra, época e lingua do autor homenaxeado o 17 de maio, así como sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que viviu. As mostras gañadoras, que este 2020 deberán centrarse en Ricardo Carvalho Calero, distribúense en preto de 2000 puntos de Galicia e do exterior e tamén poden descargarse do Portal da Lingua Galega.

Para este certame, Política Lingüística conta coa colaboración de Feiraco Lácteos S.L.

www.lingua.gal/dia-letras-galegas

II CONCURSO DE PODCASTS XOSÉ MOSQUERA PÉREZ

Certame de podcasts orixinais e inéditos relacionados co patrimonio literario de Galicia e de Portugal e coas súas figuras relevantes, tales como o autor a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas en 2020. Dirixido a alumnado de 11 a 18 anos de Galicia e do norte de Portugal, está organizado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Arraianos Producións e o colectivo Ponte nas Ondas, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e doutras entidades como o Museo do Pobo Galego, a Fundación Rosalía de Castro, Oral de Galicia, a Escola de Artes Plásticas e Deseño Mestre Mateo, a Radio Galega, a Real Academia Galega, a Fundación Antonio Fraguas e o Parlamento de Galicia.

II CONCURSO DE PODCASTS RADIO NA BIBLIO

A Asesoría de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración coa Radio Galega, organiza este certame dirixido a centros educativos participantes no programa *Radio na biblio* ou que contén cunha emisora de radio. Os podcasts presentados a concurso xirarán arredor da obra de Ricardo Carvalho Calero.

PRIMAVERA DAS LETRAS

A Real Academia Galega ten no seu web un espazo destinado ao público de infantil e primaria denominado Primavera das Letras. Con esta iniciativa, a RAG pretende fornecer os centros de ensino de propostas didácticas arredor do Día das Letras Galegas.

No marco da Primavera das letras, a Academia inclúe o concurso Contádenos o voso día das Letras, aberto a todos os centros de infantil e primaria para que amosen como celebran o 17 de maio.

MICRORRELATOS

Na modalidade de microrrelato do VI Certame literario Carmela Loureiro, que convocan o Concello de Ferrol e a Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Ferrolterra, os textos deben comezar coa oración *Petou na porta, dixem “adiante” e entrou...*, extraída da novela *Scórpido*, de Ricardo Carvalho Calero.

Este ano, son once centros escolares os que participan nesta iniciativa literaria: IES Concepción Arenal, CEIP de Ponzos, CPI A Xunqueira, IES Ferrol vello, CPR Belén, CPI de Atios, CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte, IES Canido, CPR Ludy, IES Ricardo Carballo Calero e IES Saturnino Montojo.

A MOCIDADE COA LINGUA

Da colaboración do Concello de Ferrol coa Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Ferrolterra xorde tamén, por unha banda, unha nova edición do festival musical *A mocidade coa lingua*, que se celebrará o 3 de abril no Auditorio de Ferrol; por outra, unha nova convocatoria do Certame de creación artística, poesía e imaxe “En galego sen filtro”, na que os participantes poderán presentar unha composición plástica orixinal inspirada nunha das 15 propostas poéticas que se lle ofrecerán, entre as que se inclúe un texto de Ricardo Carvalho Calero. A finais de abril, o Concello de Ferrol montará unha mostra coas obras seleccionadas.

O Concello de Ferrol organizará tamén en xuño un intercambio de estudantes da cidade con outros portugueses e promoverá diversas xornadas e actividades con

motivo das Letras Galegas tanto nos colexios como nos institutos da cidade nos meses de setembro, outubro e novembro do vindeiro curso académico.

IX FESTIVAL ARTE POLA IGUALDADE

Espectáculo de música, interpretación e baile que desenvolven, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, varios centros educativos da Coruña: o CEE Nosa Señora do Rosario, o CEIP Eusebio da Guarda e o CMUS Profesional da Coruña.

A través desta acción, os centros lembran a vida e a obra de Ricardo Carvalho Calero, dan a coñecer o traballo que realizan co alumnado e demostran que a diversidade funcional física, cognitiva ou sensorial non é impedimento para desenvolver o talento, a creatividade e a sensibilidade artística.

FESTA DA LINGUA

Escolas Católicas, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, celebra as Letras Galegas cunha xornada festiva e formativa que reunirá alumnado da contorna en Santiago de Compostela, Ferrol, A Coruña, Ourense, Vigo e Lugo. En Santiago comezará cunha ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres, mentres que no resto das poboacións se abrirá coa lectura de manifestos. Ademais, na capital de Galicia, en Ferrol e en Lugo, incluírá un roteiro por lugares significativos na traxectoria de Ricardo Carvalho Calero.

FESTA DAS LETRAS NO FINGOI

O Colexio Fingoi, onde Ricardo Carvalho Calero foi docente e conselleiro delegado, celebra este ano dunha maneira especial o Día das Letras Galegas. Ademais das exposicións que organiza ou acolle, montará co alumnado a obra teatral de Calero *Farsa das zocas* e xa prepara obradoiros internivelares das áreas de Plástica, Música e Lingua galega en que o estudantado deseñará camisetas con frases dos poemas de Carvalho, musicará textos, ofrecerá un recital poético ou elaborará cómics sobre o autor. Tamén haberá ao longo do curso outras actividades, como un maratón de lectura de obras do autor de *Scórpio* ou os relatorios-presentación do libro de Xulio Pardo de Neyra *A sombra de María Silgar*, a cargo do propio autor, e da reedición de *Contos populares da provincia de Lugo*, antoloxía que Carvalho Calero coordinara no colexio, para o que contarán coa presenza do director xeral de Editorial Galaxia, Francisco Castro.

De máis a máis, celebrarán no patio do colexio a Festa das Letras cun acto de homenaxe a Ricardo Carvalho Calero no que participarán as familias e o alumnado de todos os niveis educativos con representacións teatrais, bailes, recitado de poemas e música.

ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Os equipos de dinamización da lingua galega dos restantes centros educativos galegos tamén elaboran recursos e organizan moitas e moi variadas actividades para dar a coñecer o autor homenaxeado o 17 de maio, a súa obra e o seu compromiso coa lingua galega. Unidades didácticas, obradoiros de decoración de bolsas e camisetas con frases e versos do autor homenaxeado, certames, calendarios, marcapáxinas, crebacabezas, presentacións, xincanas, exposicións, festivais, biografías para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, brincaletas, pasapalabras, vídeos, podcasts, telexornais, cancións, videopoemas, obras dramáticas e mesmo adaptacións de pezas de Carvalho Calero ao teatro de varietés ou ao medio audiovisual son algunhas das propostas que se van desenvolver en colexios, institutos e escolas oficiais de idiomas de toda Galicia.

O máis significativo do labor dos equipos arredor da figura de don Ricardo vaise publicando no Portal da Lingua Galega para ser utilizado ou servir de referente a outros centros.

<http://www.lingua.gal/dia-letras-galegas>

UNIDADES DIDÁCTICAS SOBRE RICARDO CARVALHO CALERO

Laura García Díaz, Marisa Moreda Leirado, Bernardo Penabade Rei, Susana Sanches Arins, Eduardo Sanches Maragoto e Teresa Crisanta V. Pilhado son os autores das unidades didácticas *Carvalho Calero e a lingua I, II e III*; *Scórpico*; *Uma leitura feminista de Scórpico*; *Carvalho Calero e a literatura*; *Scórpico e Carvalho Calero*; *De Carballo a Carvalho* e *Abecedário de Ricardo Carvalho Calero* que a AGAL elaborou e distribúe nos centros educativos de infantil, primaria e secundaria interesados.

Tamén o Concello de Santiago de Compostela elaborará e distribuirá unha unidade didáctica dedicada a Ricardo Carvalho Calero.

OBRADOIROS DE ILUSTRACIÓN

O Concello de Santiago organizará nos centros escolares da cidade obradoiros de ilustración centrados na vida en Compostela de Ricardo Carvalho Calero.

GRAN XOGO DAS LETRAS

A Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal convidará o alumnado dun centro educativo da cidade a participar nun divertido xogo por equipos en que se divulgará a orixe e significado do Día das Letras Galegas e os autores e autoras homenaxeados ata este momento, incluído, por suposto, Ricardo Carvalho Calero.

VI XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. RICARDO CARVALHO CALERO

Xornada anual de formación para o profesorado de ensino non universitario, organizada polo Centro Autonómico de Formación e Innovación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. O obxectivo deste encontro é dotar os docentes de recursos para difundir entre a comunidade educativa a figura do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2020.

A xornada incluírá conferencias de especialistas sobre a vida e obra de Ricardo Carvalho Calero, así como a presentación de experiencias e materiais dos equipos de dinamización da lingua galega dos centros educativos destinados a dar a coñecer a súa traxectoria.

A estas xornadas, que se celebrarán en Santiago de Compostela, únense outras dúas organizadas polo CAFI na Coruña, destinadas a que o profesorado afonde na figura de Carvalho Calero e elabore materiais e recursos para divulgala entre o alumnado: Ricardo Carvalho Calero. Letras Galegas 2020 e Ricardo Carvalho Calero na rede. Letras Galegas 2020.

PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

XUNTA EXTRAORDINARIA E PÚBLICA DA RAG

A Xunta extraordinaria e pública da Real Academia Galega do 17 de maio desenvolverase en Ferrol e contará con varias intervencións sobre a vida e a obra de Ricardo Carvalho Calero.

ACTOS ACADÉMICOS DAS UNIVERSIDADES

A Universidade de Santiago de Compostela ten previsto celebrar na semana do 17 de maio un solemne acto académico no que lembrará a figura do que foi catedrático desta institución, Ricardo Carvalho Calero. O acto inclúe unha conferencia a cargo do profesor José Luís Rodríguez, así como un libro de homenaxe no que se recollen colaboracións inéditas de profesorado do Sistema Universitario Galego que estudan as diferentes facetas da poliédrica figura do autor ferrolán. O dito volume fai o número 50 dunha serie ininterrompida, comezada en 1971, de libros de homenaxe aos persoeiros aos que se lles dedicou o Día das Letras Galegas.

A Universidade da Coruña tamén ten previsto organizar dous actos académicos, que incluírán conferencias sobre Ricardo Carvalho Calero, tanto na Cidade Herculina como na cidade natal do autor.

SIMPOSIO RICARDO CARVALHO CALERO

No mes de outubro, a Real Academia Galega desenvolverá unhas xornadas de estudo destinadas fundamentalmente a profesorado de Lingua galega e literatura dos distintos niveis educativos, pero abertas a público en xeral, en que diversos especialistas profundarán na personalidade e na obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

CURSO DE VERÁN NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

A Universidade da Santiago de Compostela e a Academia Galega da Língua Portuguesa organizan un curso de verán coordinado pola profesora Teresa Moure e titulado Galego, porta aberta para o mundo 3: a lóxica de Carvalho Calero. Neste curso

revisarase o legado intelectual, lingüístico, literario e activista da figura a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.

IX JORNADAS GALAICO-PORTUGUESAS DE PITÕES

Xornadas multiculturais organizadas pola Academia Galega da Língua Portuguesa e a Asociación Cultural Desperta do Teu Sono en colaboración coa Junta de Freguesia de Pitões das Júnias e Concelho de Montalegre (Portugal). Nesta novena edición, as xornadas estarán dedicadas a Ricardo Carvalho Calero, a quen lle renderán homenaxe.

XORNADAS DO CONCELLO DE FERROL

O concello natal de Ricardo Carvalho Calero organiza para os días 6 e 7 de marzo, no auditorio de Afundación, unhas xornadas sobre este autor.

CONMEMORACIÓNS DO CONCELLO DE FERROL

O 25 de marzo, e conmemorando o falecemento de Ricardo Carvalho Calero, o Concello de Ferrol descubrirá un busto do autor nos xardíns da súa casa natal. O día 15 de maio celebrarase tamén nun lugar da zona rural aínda por determinar un acto conmemorativo das Letras Galegas.

AS LETRAS GALEGAS NO MUNDO

Os 33 centros de estudos galegos repartidos por América, Europa e Asia realizan un labor de difusión da lingua e da cultura galegas que vai moito máis aló do día 17 de maio. Con todo, no semestre xaneiro-xullo, a súa actividade de difusión cultural intensifícase e incrementase o número de propostas dedicadas ao autor homenaxeado polas Letras Galegas.

Este 2020, desde Baía (Brasil) ata Budapest (Hungría) celebraranse en múltiples universidades obradoiros e relatorios centrados en diferentes aspectos da vida e da obra de Ricardo Carvalho Calero. Tamén poderán visitarse exposicións gráficas ou bibliográficas en lugares tan afastados como Granada, Baía, Heidelberg ou Zurich, por citar só algúns. Haberá un congreso dedicado ao autor das Letras en Barcelona; en Nova York, o seminario A Roda Hidráulica analizará as poéticas e políticas da contracultura en Galicia na transición posfranquista, das que Carvalho Calero participou, e en Perugia terá lugar un seminario de tradución dedicado á poesía de Calero. Non faltarán os encontros literarios e recitais poéticos no Algarve, Leipzig, Baía ou, de novo, Barcelona, nin os concursos literarios na Universidade do Minho e en Budapest. Serán múltiples as publicacións conmemorativas, entre as que podemos citar un número da revista *Madrygal* dedicado a don Ricardo (Universidade Complutense de Madrid) ou un novo volume da colección *Textos e Estudos* (Universidade do Algarve). A Universidade de Barcelona organizará tamén unha mostra de cinema galego e a de Niteroi a presentación do libro *Passado imperfecto, futuro condicional. O pensamento lingüístico de Ricardo Carvalho Calero*.

As diversas actividades que se van programando nos centros de estudos galegos poden verse no Portal da Lingua Galega.

[Http://www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

A colectividade da emigración celebra as Letras

A Secretaría Xeral da Emigración apoia a programación conmemorativa das Letras Galegas 2020 impulsada nos centros da colectividade galega do exterior, entre as que se inclúen conferencias, feiras, concursos, exposicións, proxeccións audiovisuais, recitais e concertos cos que celebrar o 17 de maio ao longo de todo o ano e renderlle tributo, tamén desde a diáspora, a Ricardo Carvalho Calero.

RICARDO CARVALHO CALERO NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

A Corporación Radio e Televisión de Galicia desenvolverá, no eido da responsabilidade social corporativa, unha campaña para todas as súas plataformas que complementará toda a cobertura que os medios públicos galegos lle dedican ao 17 de maio. A dita campaña incluírá cuñas de raio, un web específico, difusión nas redes sociais ou breves pezas para a televisión.

Televisión de Galicia

PÍLULAS PARA TELEVISIÓN

En datas próximas ao Día das Letras Galegas emitiránse breves pezas audiovisuais entre programas relativas á figura do autor homenaxeado.

ZIG ZAG

O informativo cultural *Zig Zag* realizará un programa monográfico sobre Ricardo Carvalho Calero.

VIVIR AQUÍ

O programa *Vivir aquí* do sábado 16 de maio será un especial sobre o autor das Letras Galegas 2020.

CINE GALEGO

Nas vésperas do Día das Letras, programárase a estrea de dous filmes baseados en libros galegos: *A estación violenta*, de Manuel Jabois, e *A praia dos afogados*, de Domingo Villar.

Ademais, coincidindo co centenario da revista *Nós*, emitirase o documental de divulgación *Nós, semente de futuro*, que permitirá afondar no coñecemento de figuras das nosas letras que compartiron angueiras e esperanzas con Ricardo Carvalho Calero: Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Antón Losada Diéguez, Florentino L. Cuevillas e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

G2

A segunda canle da Televisión de Galicia programará durante toda a semana do 17 de maio as *Noites temáticas das Letras*, que incluírán documentais sobre homenaxeados en anos anteriores, programas nos que se afonda na lingua galega ou filmes que xa se poden considerar clásicos e que axudan a promover e difundir a lingua e cultura galegas.

Radio Galega

Na Radio Galega, todo o mes de maio estará dedicado especialmente ás Letras e á figura de Carvalho Calero, con entrevistas aos autores que publicasen libros sobre a vida e a obra do autor e coa recuperación da voz de don Ricardo dos seus arquivos para cápsulas que se emitirán en diferentes espazos e que se empregarán tamén en reportaxes.

O propio día 17, o programa da mañá, *Galicia por diante*, emitirase en directo desde o lugar onde a Real Academia Galega celebre o seu acto central.

Canles dixitais

#Cultura365, o proxecto cultural da CRTVG que engloba todas as plataformas da Corporación, reunirá toda a información e os contidos relativos á celebración das Letras Galegas e daralles a máxima difusión. O equipo de extensión audiovisual da CRTVG creará un vídeo, en formato para redes sociais, para divulgar o perfil e o traballo do escritor. Tamen se fará un xogo sobre el a través de *stories* de Instagram e do IGTV. Este xogo comezará a semana previa ao 17 de maio. Por outra banda, este ano aproveitarase o *#DigochoEu*, espazo divulgativo arredor da lingua nas redes sociais da TVG, para espallar o legado de Ricardo Carvalho Calero.

CARVALHO CALERO NA REDE

WEB CARVALHO 2020

A Consellería de Cultura e Turismo, en colaboración coa AGAL, publicará unha páxina web con biografía, obra, vídeos etc. sobre Carvalho Calero. A través dela activaranse concursos e será posible inscribirse na lectura continuada de *Scórpio* que terá lugar o 17 de maio na Cidade da Cultura de Galicia.

MICROSITIO EN GALICIANA

Galiciana, biblioteca dixital de Galicia, incorporará ao seu portal un micrositio no que se incluírán todos os artigos, poemas etc. que publicou Ricardo Carvalho Calero en diferentes cabeceiras da prensa galega.

<http://biblioteca.galiciana.gal/>

PORTAL DAS PALABRAS

O Portal das Palabras, web da RAG e da Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a difusión da lingua galega, incluírá contidos centrados no universo vital e literario de Ricardo Carvalho Calero.

<https://portaldaspalabras.gal/>

WEB DA RAG

A páxina web da Real Academia Galega ten activado desde comezos de 2020 un espazo dedicado á biografía de Ricardo Carvalho Calero e a sección Actualidade do mesmo web ofrecerá reportaxes, entrevistas e artigos arredor da vida e da obra da figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2020.

<https://academia.gal/inicio>

ESPAZO WEB DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Espazo sobre Ricardo Carvalho Calero no web institucional do Consello da Cultura Galega. Nel incluíranse materiais e documentación conservada nesta institución: fotografías, gravacións sonoras... así como información de interese sobre a súa biografía e obra.

Nesta sección publicarase un roteiro virtual polos lugares e puntos de interese biográfico de Carvalho Calero en Ferrol, Santiago e Lugo. Ademais, en colaboración coa Fundación Otero Pedrayo, tamén se mostrará unha colección de cartas entre Ricardo Carvalho Calero e o autor de *Arredor de si*.

<http://consellodacultura.gal/>

CARVALHO EM PESSOA

AGAL difundirá en Internet e nas redes sociais unhas serie de pímulas audiovisuais que reconstruirán, a través de diferentes testemuños, a faceta máis persoal de Ricardo Carvalho Calero.

AUDIOVISUAIS E MÚSICA

CONCERTO DAS LETRAS 2020

O Consello da Cultura Galega celebrará o 16 de maio en Ferrol o seu concerto conmemorativo do Día Das Letras Galegas, no que se estreará unha composición musical sobre un texto de Ricardo Carballo Calero.

PACO MONTERO CANTA A LUMIEIRA DE CARVALHO CALERO

Libro-disco apoiado pola Consellería de Cultura e Turismo no que o que fora cantante dos Tamara lles pon música a oito poemas do autor ferrolán.

DE CARBALLO A CARVALHO

Documental de 20 minutos de duración que mostra as diferentes etapas da vida de Carvalho Calero: o mozo que chega a Santiago de Compostela e se suma ao galeguismo, o represaliado, o crítico literario, o escritor, o catedrático universitario e o mentor do reintegracionismo.

CONCERTOS-HOMENAXE

A Academia Galega da Língua Portuguesa organiza todos os anos un espectáculo musical para conmemorar en Lugo, o 5 de maio, o Día Internacional da Lusofonía. Este 2020, a Noite da Lusofonia será tamén unha homenaxe a Ricardo Carballo Calero.

Tamén o concerto 25 de Abril na Arca de Noe, en que se conmemora a *revolução dos cravos* que lle levou a democracia a Portugal e se lle rende homenaxe ao cantor José Afonso, incluírá un tributo ao profesor Carvalho Calero. A cita será con entrada libre en Vilar de Santos (Ourense) o propio 25 de abril e contará coa colaboración de Arca de Noe, Taberna Cultural.

Da colaboración entre A Arca de Noe e a Academia Galega da Língua Portuguesa xorde así mesmo o *Concerto de Irmandade Galaico-Portuguesa. Homenagem a Ricardo Carballo Calero*, un espectáculo musical que se celebrará en Vilar de Santos o 10 de maio para conmemorar a figura do profesor ferrolán.

Un día antes, en Xunqueira de Ambía, estrearase ás 18:30 horas a composición musical para orquestra de cordas *Tálamo e túmulo*, do compositor galego Rudesindo Soutelo, que é unha homenaxe a don Ricardo.

MOSTRA MUSICAL EIXO ATLÁNTICO

Ferrol será este ano 2020 a cidade elixida polo Eixo Atlántico para celebrar a sétima edición dun encontro musical que reúne cada dous anos, nunha fin de semana de clásica e de jazz, preto de 300 alumnos e alumnas das escolas municipais de música e conservatorios das cidades de Galicia e do norte e Portugal. A cita será os días 17, 18 e 19 de abril no Auditorio de Ferrol.

Ademais o Concello de Ferrol programará en maio unha actuación musical galego-portuguesa.



RICARDO CARVALHO CALERO

LETRAS GALEGAS 2020

